

13


Individuo, sociedade e Estado


A fábula dos porco espiños

«Un grupo de porco espiños apiñábase moito nunha fría noite de inverno para evitar conxelarse coa calor mutua. Non obstante, pronto comezaron a sentir uns as pugas dos outros, o cal os fixo volver afastarse. Cando a necesidade de calor os volveu aproximar outra vez, repetiuse o mesmo problema, de tal maneira que oscilaron de acá para alá entre ambos os dous sufrimentos ata que acharon unha distancia media na que puideron resistir mellor. Así, a necesidade de compañía, xurdida do baleiro e da monotonía do propio interior, impulsa a os homes a unirse, pero os seus moitos atributos repugnantes e erros insoportables volven separalos. A distancia intermedia que ao final encontran e na que é posible que se manteñan xuntos é a cortesía e os bos costumes. En Inglaterra, a quen non se mantén a esa distancia bérraselle: *Keep your distance!* Debido a ela, a necesidade de quentarse mutuamente non se satisfai por completo, pero a cambio non se sente a picada das pugas. Non obstante, quen sinta moita calor interior propia fará mellor en manterse afastado da sociedade para non dar lugar a queixas nin as recibir».

A. Schopenhauer, *Parerga e Paralipómena*, aforismo 396.

Cuestións sobre a lectura

- 1 Que empurra os seres humanos a vivir en sociedade, segundo Schopenhauer?
- 2 Que imaxe da sociedade suxire Schopenhauer? Estás de acordo coa súa forma de concibila?
- 3 Fíxate na conclusión do texto: por que motivo quereda alguén afastarse da sociedade?
- 4  **Asemblea de ideas.** Credes que é posible para un ser humano vivir en total soidade? E se considerades que é posible, credes que sería desexable?



Pieter Bruegel, Xogo de nenos.
(Museo de Historia da Arte, Viena).

1

Individuo e sociedade

1.1. A interdependencia entre o individuo e a sociedade

Individuo e sociedade son interdependentes: non hai individuo humano sen a sociedade na que se socializa e que o forxa como tal, como tampouco hai sociedade que non estea conformada por individuos particulares.

A conciencia do individuo foi xerada nun contexto social cunhas regras, cuns valores e cuns costumes, de modo que ser un individuo nunha sociedade determinada ten matices diferentes a formarse como tal individuo noutra sociedade distintá.

Así, o individuo existe pola sociedade na que se formou (**psicoxénese**, formación da conciencia individual) e a sociedade existe polos individuos que a compoñen (**socioxénese**, xeración dun grupo social).

Tampouco podemos estudar a sociedade coma se fose unha entidade abstracta, fixa e estable máis alá dos individuos que a conforman. A sociedade é a agrupación de individuos que manteñen entre si algún tipo de relación (familiar, profesional, económica...) e que comparten certas características mínimas, como o lugar, certas actividades ou os mesmos intereses, que permiten diferenciarlos doutros grupos.

Glosario

Sociedade: agrupación de individuos que manteñen entre si algún tipo de vinculación, que pode ir desde os lazos familiares ata relacións económicas, pasando por vínculos profesionais, culturais, relixiosos... As sociedades particulares poden definirse tamén, en moitas ocasións, polo territorio ou polo espazo social que ocupan (se coinciden co territorio do Estado ou se comparten determinadas institucións), polas súas actividades ou polos seus intereses particulares. O proceso de formación dunha sociedade denomínase socióxénese.

Glosario

Socialización: proceso de formación e de maduración social dun individuo. Na socialización poden diferenciarse algúns aspectos: a incorporación dun individuo a un grupo social; a educación nos valores compartidos socialmente; a aprendizaxe da lingua, da historia e da cultura que cohesionan o grupo social; a instrución nos hábitos e nos modais considerados norma; a capacidade de reflexión e a construción da individualidade de cada membro da sociedade. Adóitase distinguir entre socialización primaria (na infancia) e socialización secundaria (na adolescencia e na xuventude).

A sociedade permite desenvolver e completar a formación dos seres humanos, que veñen ao mundo con certa inmadurez biolóxica e non sobrevivirían sen a axuda dos demais. Este proceso de formación e de maduración social dos individuos é a **socialización** e componse destes aspectos:

- Incorporación do individuo a un grupo social polo que se considera parte solidaria co todo.
- Educación nos valores compartidos pola sociedade na que vive.
- Aprendizaxe da lingua, da historia e da cultura que articulan e que cohesionan o grupo social.
- Instrución nuns hábitos, nuns modais e nunhas actitudes considerados correctos polo grupo social e necesarios para demostrar a adaptación ao grupo.
- Reflexión individual e liberdade dentro do marco social: a construción da identidade propia supón unha reinterpretación e unha conciencia crítica.

A socialización non ten un final. Máis ben, mentres o suxeito vive en sociedade e convive cos cambios sociais e históricos, estase a socializar durante toda a súa vida.

Textualmente

«Ao facer comprender ao home ata que punto o ser social é máis rico, máis complexo e máis duradeiro que o ser individual, a reflexión non pode facer outra cousa que revelarlle as razóns intelixibles da subordinación que del se esixe e dos sentimentos de adhesión e de respecto que o costume fixou no seu corazón. [...] Pero se, ao contrario que estes filósofos [Hobbes e Maquiavelo], dicimos que a vida social é natural, non é porque encontremos a fonte desta na natureza do individuo; é porque deriva directamente do ser colectivo que é por si mesmo unha natureza *sui generis*; é porque resulta desta colaboración especial a que están sometidas as consciencias individuais polo feito da súa asociación e da que se desprende unha nova forma de existencia. Polo tanto, aínda que estimamos, ao igual que os primeiros, que a vida social se lle presenta ao individuo en forma de coerción, admitimos cos segundos que é un produto espontáneo da realidade; e o que establece unha relación lóxica entre eses dous elementos, que aparentemente son contraditorios, é o feito de que esta realidade supera o individuo».

É. Durkheim, *As regras do método sociolóxico*, cap. 5.

- 1 Por que cuestiona Durkheim as concepcións da sociedade de Hobbes e de Maquiavelo fronte ao iusnaturalismo?
- 2 En que consiste a concepción sociolóxica da sociedade de Durkheim?

1 Individuo e sociedade

1.2. Socialización primaria e socialización secundaria

Socialización primaria

A **socialización primaria** prodúcese durante a infancia dos individuos e o seu contexto fundamental é o ambiente familiar. Tamén é moi importante o círculo social no que se move a familia, así como as relacións con outros membros do mesmo grupo de idade.

Durante a infancia apréndese, basicamente, por imitación e por repetición dos modelos que ofrecen as persoas adultas dos círculos familiar e social.

Nesta fase son moi importantes os sentimentos e as reaccións emocionais para o bo desenvolvemento e para a maduración mental da futura persoa adulta.

A outra institución decisiva na socialización primaria é a **escola**. Nela apréndense coñecementos básicos e actitudes, e tamén se produce a educación en valores e nos modos adecuados de comportarse na vida social.

Nas teorías da evolución cognitiva de Piaget e do desenvolvemento moral de Kohlberg conclúese que na infancia adóptanse actitudes egoístas ata que, completado o proceso moral e cognitivo, recoñécese o valor das normas do grupo, pasando por estadios intermedios nos que as normas terían validez non por si mesmas, senón pola autoridade de quen as defende.

Actualmente, a transformación dos modelos familiares aumenta as posibilidades da socialización primaria, pois poden cambiar os modelos tradicionais que serviron para fomentar as identidades de referencia.

Tamén as novas tecnoloxías da información e da comunicación teñen grande influencia nas novas formas de convivencia e de xeración de solidariedade a distancia na socialización primaria e na secundaria.



A filosofía en persoa

Jean Piaget (1896-1980) foi un psicólogo suízo. Destaca pola súa contribución á epistemoloxía xenética e polas súas teorías sobre o desenvolvemento evolutivo da mente. Propón unha estrutura explicativa para a actividade intelectual a partir dunha consideración diacrónica dos estadios evolutivos da intelixencia e dunha interpretación sincrónica da súa actividade equilibradora.

Socialización secundaria

A **socialización secundaria** ten lugar mediante a participación dos individuos en institucións e en grupos voluntarios, como a educación postobrigatoria, os estudos universitarios, os clubs deportivos, as redes sociais... Trátase de actividades libremente decididas polos suxeitos, así como o seu grao de implicación e de participación nelas.

Coincide coa idade na que a xuventude vai madurando, ao mesmo tempo que reconsidera os vínculos familiares, as amizades e a propia identidade dentro da sociedade.

A afirmación da propia individualidade pódese producir ás veces de forma brusca e en sociedades como a occidental considérase ata certo punto «normal» certa rebeldía.

Outro aspecto que hai que ter en conta na socialización secundaria é a **diferenciación entre a personalidade individual e o rol social dunha mesma persoa**, unha distinción que ten que ver coa dualidade público-privado.

A función social que exerza un individuo non esgota por completo a riqueza e a complexidade da súa personalidade. Neste sentido, a participación nas redes sociais e noutros medios de comunicación, nos que se esvae a diferenza entre o público e o privado, xera unha perda de control sobre a propia privacidade que pode levar a converter en públicos aspectos vitais que prexudican a nosa imaxe pública e que empobrecen a nosa experiencia persoal.

Textualmente

«En que medida é o home un actor. Supoñamos que o home individual recibe un papel que desempeñar: vai pouco a pouco adaptándose a el. Ten ao final os xuízos, os gustos, as inclinacións que fan xogo co seu papel, mesmo a usual medida do intelecto admitida para iso: primeiro como neno, mozo, etc., logo o papel que é propio do sexo, logo o da posición social, logo o do oficio, logo o das súas obras. [...] O papel é un resultado do mundo externo sobre nós co que facemos concordar a nosa "persoa", como cun acorde de cordas. Unha simplificación, un sentido, un fin. Temos os afectos e afáns do noso papel; é dicir, subliñamos os que se axustan a el e o mostran. Sempre naturalmente [máis ou menos]. O home, un actor».

F. Nietzsche, *Fragmentos póstumos*, vol. III, 25 [374].

- 1 Por que se caracterizan os roles sociais, segundo Nietzsche?
- 2 Comenta o enunciado: «O papel é un resultado do mundo externo sobre nós co que facemos concordar a nosa persoa, como cun acorde de cordas.»

1.3. A comunidade natural

Na filosofía social e política trátase, entre outras cousas, de como debería regularse a vida social. Agora ben, para responder esta cuestión, sempre se supuxo que primeiro había que imaxinar como se formou a sociedade, cal foi a súa orixe.

Na filosofía grega antiga, **Aristóteles** defendeu a idea de que o ser humano é un **animal social e político por natureza**, polo que a comunidade sería previa ao individuo.

Os individuos só se realizan como seres humanos a través da súa integración na súa comunidade política. O obxectivo da sociedade é o logro do ben supremo, que é unha vida feliz para os seus membros.

Para lograr esta felicidade, a principal condición que debe cumprirse é a xustiza equitativa, baseada no mérito. Os que máis se esforzan e máis destacan pola súa excelencia, maior participación merecen ter na distribución dos bens.

A busca do **ben común** é o eixe central da concepción aristotélica da sociedade. O interese colectivo ten prioridade sobre o particular e lógrase alcanzar mediante a arte da política, cuxa práctica require experiencia, moderación e prudencia.

Durante a Idade Media, **Tomé de Aquino** seguiu a doutrina de Aristóteles. Segundo el, de igual modo que existe unha xerarquía na orde do mundo natural, o mesmo ha de suceder na sociedade: a lei da sociedade ha de reflectir a **lei natural** e a comunidade política debe encaixar harmonicamente no cosmos natural.

A principal novidade que propón é a esixencia de que a **sociedade política** —ou sexa, o Estado— **se subordine á guía da comunidade espiritual** —ou sexa, á Igrexa. Esta dependencia ha de ser así porque a teoloxía, ou ciencia sobre Deus, é a que permite coñecer as leis supremas que a política debe aplicar na sociedade civil.

A filosofía en persoa



Tomé de Aquino (1225-1274) foi un filósofo e teólogo italiano, monxe dominico e alumno de Alberte Magno. O obxectivo da súa reflexión céntrase en facer compatibles a fe e a razón. Para conseguir este fin, aplica a filosofía de Aristóteles á reformulación e á demostración dos dogmas cristiáns. Dende o século xvi, o tomismo é a doutrina oficial da Igrexa católica.

1.4. O contractualismo clásico

Aínda que o pensamento contractualista apareceu xa na antiga Grecia, na época moderna, tras as guerras de relixión que tiveron lugar no século xvii, varios filósofos reconsideraron o sentido da sociedade e ofreceron un novo modelo para explicar a orixe da vida social e os principios que a rexen: un **pacto** ou **contrato** entre os individuos para protexer uns dereitos naturais previos á institución do Estado.

Thomas Hobbes, Baruch Spinoza, John Locke (filósofos do século xvii) ou Jean-Jacques Rousseau (pensador que viviu xa no século xviii) son os máis importantes teóricos do contrato social.

Todas as teorías do contrato social comparten o mesmo esquema xeral:

- Describen a situación natural dos seres humanos de forma previa á fundación da sociedade e do Estado.
- Expoñen un posible contrato entre os individuos para abandonar o estado natural.
- Deseñan unha sociedade e as súas institucións a partir deste contrato.

Pero a teoría contractualista suscita problemas, como, por exemplo, os seguintes:

- O contrato social sucedeu realmente nunha época remota do noso pasado ou é só un ideal, ou mesmo só unha hipótese, que nos indica como debería organizarse a sociedade?
- O contrato social dá orixe á sociedade humana como tal ou unicamente ao Estado, a institución política mediante a que se organiza e se dirixe a vida en sociedade?
- No contrato social, que valor social e político ha de predominar en caso de conflito: a seguridade, a propiedade, a liberdade, a autonomía...?

A filosofía en persoa



Baruch Spinoza (1632-1677) foi un filósofo holandés de orixe portuguesa. Foi un dos principais integrantes do racionalismo iniciado por Descartes. Identifica a Deus coa natureza. O ser humano non é un ser libre, senón que se acha suxeito a leis eternas. A sabedoría consiste no coñecemento desas leis e no «amor intelectual» ao verdadeiro Deus, inmanente ao real.

1 Individuo e sociedade

Glosario

Contrato social: o concepto dun contrato entre individuos que crea a sociedade provén da antiga Grecia e concrétese na época moderna. O contrato social é o pacto entre individuos para fundar e para organizar unha sociedade a partir das relacións naturais que manteñen entre si. Esta idea enténdese como unha hipótese política (Rousseau) ou como un feito histórico (Locke).


Glosario

Estado de natureza: hipótese sobre a forma de vida humana previa á vida social organizada mediante institucións e principios políticos. O estado de natureza reflicte unha concepción do ser humano e a idea de que hai unha lei natural previa ás leis humanas. Hobbes concibe o estado de natureza como guerra xeneralizada, e Rousseau, como un estado en liberdade e en igualdade.

Modelo absolutista de Hobbes

Estado natural	Contrato	Estado social
«Guerra de todos contra todos» (<i>Homo homini lupus</i>): inseguridade, medo e desconfianza entre os seres humanos.	Renuncia ao dereito de gobernarse a si mesmos de todos os individuos en favor dun poder único e absoluto.	Estado absoluto: monarquía ou asemblea de gobernantes que reúnen todos os poderes (políticos e espirituais) nunha soa institución.

A filosofía en persoa



Thomas Hobbes (1588-1679) foi un filósofo e pensador político inglés que achega unha interesante teoría do Estado como creación humana cuxo fin é superar a barbarie natural. O ser humano é un ser material, incluída a súa alma, e a súa motivación básica é o egoísmo. A partir desta concepción, xustifica o despotismo e propón o utilitarismo como doutrina ética.

Modelo liberal de Locke

Estado natural	Contrato	Estado social
Liberdade natural e propiedade derivada do propio traballo, pero inseguridade e vulnerabilidade.	Cesión do poder político, pero respectando os dereitos naturais (liberdade, propiedade e seguridade).	Democracia liberal: división de poderes e tolerancia relixiosa; o Estado debe protexer os dereitos de todos os individuos que o compoñen.

A filosofía en persoa



John Locke (1632-1704) é considerado o pai do empirismo filosófico e do liberalismo político. Contra Descartes, afirma que todo o coñecemento nace da experiencia. As ideas abstractas só son asociacións de impresións ou de «ideas simples». Defende a liberdade individual fronte ao «dereito divino» que se atribuía ás monarquías do seu tempo.

Modelo republicano de Rousseau

Estado natural	Contrato	Estado social
Bondade e inxenuidade dos seres humanos, que son autosuficientes, libres e iguais.	Posta en común das capacidades individuais e submisión á vontade xeral (interese da comunidade).	Democracia republicana: participación na administración da comunidade, prioridade da vontade xeral sobre os intereses particulares.

A filosofía en persoa



Jean-Jacques Rousseau (1712-1778) foi un literato e filósofo francófono nacido en Xenebra. O seu pensamento caracterízase pola relación entre a natureza e a sociedade. Apartándose da natureza, os seres humanos forman unha sociedade baseada nun «contrato» que ten como fin neutralizar a violencia. Influíu en Kant e con el iniciouse o Romanticismo.

Textualmente

«A causa final, meta ou designio dos homes (que aman naturalmente a liberdade e o dominio sobre outros) ao introducir entre eles esa restrición da vida en repúblicas é coidar da súa propia preservación e conseguir unha vida máis ditosa; isto é, arrancarse desa miserable situación de guerra que se vincula necesariamente (como se demostrou) ás paixóns naturais dos homes cando non hai poder visible que os manteña no temor, ou por medo ao castigo, atados á realización dos seus pactos e á observancia daquelas leis da natureza expostas nos capítulos XIV e XV. O único modo de erixir un poder común capaz de defendelos da invasión estranxeira e das aldraxes duns a outros (asegurando así que, pola súa propia industria e polos froitos da terra, os homes poidan

alimentarse a si mesmos e vivir no contento) é conferir todo o seu poder e forza a un home, ou a unha asemblea de homes, que poida reducir todas as súas vontades, por pluralidade de voces, a unha vontade...».

T. Hobbes, *Leviatán*, 2.ª parte, cap. XVII.

- 1 Cales son as paixóns naturais dos seres humanos ás que se refire Hobbes neste texto?
- 2 Podería dicirse, a partir do que se expón no texto, que o medo é o motor principal da vida política, segundo Hobbes?

Textualmente

«O único xeito polo que un renuncia á súa liberdade natural e sitúase baixo os límites da sociedade civil é alcanzando un acordo con outros homes para reunirse e vivir en comunidade, para vivir uns con outros en paz, tranquilidade e a debida comodidade, no gozo seguro das súas propiedades respectivas e coa maior salvagarda fronte a aqueles que non forman parte desa comunidade. [...] Cando un grupo de homes chegou a un consenso para formar unha comunidade ou goberno, incorpóranse no acto ao corpo político que conforman eles mesmos, no que a maioría adquiren o dereito de actuar e decidir polos demais. En efecto, cando uns cantos homes constituíron unha comunidade, mediante un acordo de cada un dos individuos, fixeron desa comunidade un só corpo con poder para actuar como tal corpo unido, o que se leva a cabo unicamente a través da vontade e determinación da maioría. [...] En consecuencia, vemos que, nas asembleas con poder para fixar o número, o acto da maioría pasa por ser o acto da

totalidade e, por suposto, as súas resolucións son definitivas, pois enténdese, por lei natural e racional, que conta co poder da dita totalidade. E así, cada home que consente reunirse con outros e formar un corpo político baixo un goberno ponse a si mesmo baixo obriga, ante todos os membros desa sociedade, de someterse á determinación e resolucións da maioría. Doutro modo, o pacto orixinario, polo que tanto el coma os demais se incorporan a unha sociedade, non tería ningún significado».

J. Locke, *Dos ensaios sobre o goberno civil*.

- 1 Que relación establece Locke neste texto entre a liberdade natural dos individuos e a sociedade civil?
- 2 Segundo Locke, as decisións tomadas nunha asemblea representativa son obrigatorias para a totalidade «por lei natural e racional». Que significa esta expresión?

Textualmente

«Supoño os homes chegados a un punto en que os obstáculos que prexudican a súa conservación no estado de natureza logran vencer, mediante a súa resistencia, a forza que cada individuo pode empregar para manterse no devandito estado. Dende este momento, o estado primitivo non pode subsistir e o xénero humano perecería se non cambiase de forma de ser. Agora ben: como os homes non poden xerar novas forzas, senón unir e dirixir as que existen, non teñen outro medio de conservarse que formar por agregación unha suma de forzas que poida exceder a resistencia, poñelas en xogo por un só móbil e facelas obrar en harmonía. Esta suma de forzas non pode nacer senón do concurso de moitos; pero sendo a forza e a liberdade de cada home os primeiros instrumentos da súa conservación,

como vai comprometerlos sen prexudicarse e sen esquecer os coidados que se debe? Esta dificultade, referida ao noso problema, pode enunciarse nestes termos: “Encontrar unha forma de asociación que defenda e protexa de toda forza común á persoa e os bens de cada asociado, e por virtude da cal cada un, uníndose a todos, non obedeza senón a si mesmo e quede tan libre como antes”. Tal é o problema fundamental ao que dá solución o contrato social.»

J. -J. Rousseau, *Contrato social*, I, cap. 6.

- 1 Analiza os elementos do problema presentado neste texto por Rousseau. Cal é a principal dificultade que se debe resolver mediante o contrato social?
- 2 Por que non hai máis contratos sociais posibles?

1 Individuo e sociedade

1.5. O neocontractualismo

Os principios de xustiza de Rawls

John Rawls reformulou a teoría contractualista e defendeu que a sociedade xorde en función da implantación duns criterios básicos e imparciais de funcionamento:

- O **principio de igual liberdade para todas as persoas**: todas deben gozar das mesmas liberdades civís e políticas básicas: de pensamento, de opinión...
- O **principio de desigualdade social e económica**, que só se xustifica se se dan estas dúas condicións:
 - O **principio de igualdade de oportunidades**: todas as persoas deben ter as mesmas condicións de acceso aos postos privilexiados.
 - O **principio de diferenza**: a desigualdade social e económica debe repercutir en beneficio dos membros menos favorecidos da sociedade.

O anarquismo

Robert Nozick defende que o Estado tense que **limitar a protexer a propiedade e a garantir a liberdade dos individuos particulares** (modelo baseado en Locke). Por esa razón rexeita que o Estado garanta servizos de protección social e de axuda ás persoas desfavorecidas.

A acción comunicativa

Apel e Habermas defenden que as normas e os principios que regulan a convivencia sexan o resultado dunha **discusión racional** baseada no recoñecemento democrático recíproco de todas as persoas participantes.

Mediante este procedemento de creación das normas sociais insístese en procesos como a deliberación, a discusión parlamentaria e as estratexias necesarias para comunicarse sen que se produzan distorsións que impidan o exercicio imparcial da racionalidade.



1.6. A disputa política entre Popper e a Escola de Frankfurt

Popper critica a filosofía da historia do marxismo, entendida como un proceso unitario que se encamiña, polas leis da dialéctica, cara á utopía da sociedade sen clases, na que reinaría a plena xustiza social e a fin da alienación.

Para Popper, non existe unha totalidade histórica como proceso unitario, senón que os procesos históricos determinánanos as **accións libres dos seres humanos** que interactúan entre si.

Logo, o futuro **non está determinado por ningunha lei histórica** que conduza á humanidade cara a unha utopía, senón que está aberto á libre aplicación dos nosos coñecementos e ao resultado das nosas accións e das nosas decisións.


Estas razóns presiden a polémica deste filósofo, de tradición liberal, coa Escola de Frankfurt, de orientación marxista. Para el, só hai dúas formas de goberno: a democracia, na que se pode derrocar calquera gobernante mediante unha votación regulada por leis electorais, e a ditadura, na que é imposible.

Así pois, só a democracia permite a liberdade e un tipo de **sociedade «aberta»**, na que os individuos poden exercer libremente a súa acción crítica racional e loitar pacificamente pola xustiza, pola liberdade e polos dereitos humanos.

Nesta sociedade, a función dos que representan ao pobo é xestionar o funcionamento das institucións, en ningún caso tratar de impoñer un estado de cousas ideoloxicamente presentado como realización da felicidade.

De aí que Popper substitúa a antiga problemática platónica sobre quen debe gobernar pola pregunta sobre se existen formas de goberno rexeitables, se existen formas de goberno que poden impedir a substitución dun goberno incompetente ou malo.

Actividades

- 1 Que é a socialización? Diferenza entre socialización primaria e socialización secundaria.
- 2 En que coinciden Aristóteles e Tomé de Aquino nas súas teorías sobre a orixe da sociedade e que novidade introduce Tomé de Aquino?
- 3  **O espello.** Que características comparten as teorías do contrato social? Sinala as diferenzas entre as teorías de Hobbes, de Locke e de Rousseau. Cal é a máis acertada? Xustifica a túa resposta.
- 4  **1-2-4.** Credes que é posible decidir os principios básicos en que se funda unha sociedade como se propón no neocontractualismo?

2

Os fundamentos do dereito e a política

2.1. O dereito natural

Enténdese por **dereito** o conxunto de normas que regulan a conduta humana e que permiten a convivencia en sociedade. O dereito ten un compoñente subxectivo e outro obxectivo:

- Dende un punto de vista obxectivo, o dereito fai referencia ás institucións e ás normas que regulan a vida social.
- Dende unha perspectiva subxectiva, o dereito refírese ao que lles está permitido facer aos individuos dentro do marco das normas en sentido obxectivo.

O primeiro modo de proporcionar unha xustificación ao exercicio do dereito é a interpretación que xurdiu na Antigüidade e que estivo vixente ata a Idade Media. Coñécese mediante o nome de **dereito natural** ou **iusnaturalismo**, teoría na que se defende a existencia duns dereitos innatos, naturais, previos e prioritarios á ordenación xurídica dos estados.

O conxunto destes dereitos naturais é variable, dependendo das diferentes concepcións filosóficas, pero en todas se adoitan destacar os dereitos á vida, á seguridade, á liberdade, á propiedade e á resistencia ante a opresión.

No iusnaturalismo presuponse que hai un **fundamento universal dos dereitos** e que todos os seres humanos poden gozar deles sen ningún tipo de discriminación. Os estados terían que limitarse a garantir e a protexer estes dereitos naturais.

A teoría do dereito natural ten as súas orixes na antiga Grecia. Na traxedia *Antígona*, de **Sófocles**, opóñense a lei da cidade e o dereito de natureza divina da familia a enterrar os seus membros que morreron.

Tamén algúns **sofistas**, como Antífote, defenderon a existencia duns dereitos naturais universais; e **Aristóteles** expuxo que había unha xustiza natural fronte á xustiza legal.

Glosario

Dereito: conxunto de normas que regulan a conduta humana e que ordenan a convivencia en sociedade. Tamén se refire á ciencia ou ao estudo que se ocupa destas normas. No dereito como tal podemos distinguir un elemento obxectivo e outro subxectivo: desde un punto obxectivo, o dereito refírese ás institucións e ás normas que regulan a sociedade, mentres que desde un punto de vista subxectivo, o dereito consiste no que lles está permitido facer os individuos dentro do marco legal.

No **estoicismo grego e romano**, apareceu o concepto de **cosmopolitismo**: o Universo (cosmos) sería como unha cidade ou un Estado (polis) no que todos os seres humanos gozarían dos mesmos dereitos.

Esta idea pasou ao cristianismo, e **Tomé de Aquino** teorizou sobre a **lei natural** como manifestación do poder de Deus e destacou a súa prioridade ante as leis políticas.

Pero foi na época moderna cando esta interpretación se desenvolveu a fondo: **Hugo Grocio** e **John Locke** puxeron as bases do que foi a concepción do dereito natural.

As manifestacións do dereito natural na realidade política foron as declaracións de dereitos nas revolucións estadounidense (1776) e francesa (1789).

No século xx, esta concepción xurídica plasmouse na **Declaración Universal dos Dereitos Humanos** (1948). Aínda que nesta declaración os dereitos non se consideran «naturais», si se conciben como universais e inalienables.

Textualmente

«Creonte[...] sabías que estaba decretado non facer isto?»

Antígona—Si, sabíao: como non ía sabelo? Todo o mundo o sabe.

Creonte—E, así e todo, atrevícheste a pasar por enriba da lei?

Antígona—Non era Zeus quen ma decretara, nin Dike, compañeira dos deuses subterráneos, perfilou nunca entre os homes leis deste tipo. E non cría eu que os teus decretos tivesen tanta forza como para permitir que só un home poida saltar por enriba das leis non escritas, inmutables, dos deuses: a súa vixencia non é de hoxe nin de onte, senón de sempre, e ninguén sabe cando foi que apareceron. Non ía atraerme eu o castigo dos deuses por temor ao que puidese pensar alguén: xa vía, xa, a miña morte —e como non?—, aínda que ti non decretases nada; e se morro antes de tempo, eu digo que é ganancia: quen, coma min, entre tantos males vive non sae acaso ganando coa súa morte? E así non é, non, desgraza, para min, ter este destino; e en cambio, se o cadáver dun fillo da miña nai estivese insepulto e eu o aturase, entón, iso si me sería doloroso; o outro, en cambio, non me é doloroso: pode que a ti che pareza que obrei como unha tola, pero, pouco máis ou menos, é a un tolo a quen dou conta da miña loucura».

Sófocles, *Antígona*, vv. 447-471.

1 Que características da lei divina sinala Antígona?

2 No texto nárrese un conflito entre a familia e o Estado, que outras instancias están tamén en conflito e por que?

2 Os fundamentos do dereito e a política

2.2. O positivismo xurídico

Fronte á teoría iusnaturalista, o **positivismo xurídico** ou **ius-positivismo** é outro modo moi distinto de fundamentar o dereito. Dende esta perspectiva teórica, os dereitos individuais derivan da lexislación sancionada por unha organización estatal (dereito positivo).

Así pois, os dereitos non son froito de ningunha natureza humana nin terían un alcance universal, senón que son tan só as liberdades concedidas polas autoridades políticas dun país determinado.


Por iso, o fundamento do dereito non radica nunha natureza humana universal, senón na **vontade política dun pobo** encarnada nunhas institucións que garanten e que conceden os dereitos aos individuos. Cada pobo, polo tanto, goza dos dereitos que articulou a través das súas institucións políticas.

A idea segundo a cal o dereito deriva das institucións políticas desenvolveuse especialmente no século XIX e a principios do século XX. Neste contexto, destacan as figuras de Carl Schmitt e de Hans Kelsen.

Estes xuristas, opostos pola súa ideoloxía, compartían a idea de que o dereito non se podía fundamentar nunha teoría natural do dereito; para Kelsen, o dereito tiña que xurdir dun procedemento legal, mentres que para Schmitt derivaba dunha decisión do soberano.

En última instancia, a diferenza entre iusnaturalismo e positivismo xurídico remite á relación entre moral e política:

- Para o iusnaturalismo, **a política está subordinada á moral** e os dereitos dos individuos marcan os límites da acción política.
- Para o positivismo xurídico, **a política é totalmente independente da moral**, de modo que os dereitos son o resultado dunha acción política (procedemento legal, decisión soberana...), non dunha reflexión sobre a natureza humana.



2.3. Que se entende por «política»?

Concepto filosófico de política

Segundo Aristóteles, o ser humano é un **«animal político»**, é dicir, necesita vivir en sociedade para realizarse humanamente; por iso, unha sociedade humana non é unha suma ou un agregado de individuos humanos xa existentes.

Non hai individuos, seres humanos á marxe doutros seres humanos ou previos a eles. Pola contra, ése humano porque xa hai unha sociedade na que **humanizarse**.

A empatía, o amor e a solidariedade forman parte da mente humana e fana posible. Pero, ademais, a relación social e o diálogo prodúcense porque hai separación entre as persoas, diferenzas, diverxencias e, ás veces, conflitos.

Esta separación non é nada malo, porque é o que nos fai existir como suxeitos. Aínda que é dolorosa, resulta necesaria, pois é o fundamento do noso desenvolvemento persoal e, algunhas veces, do progreso social. Agora ben, unha das funcións principais da política é establecer unha **ponte para comunicarnos e para convivir**.

Por todas estas razóns, é imposible tratar seriamente do ser humano e da realidade sen ocuparse das normas, dos principios, das leis, das institucións e dos valores que organizan a súa vida política.

Na reflexión filosófica, enténdese por **política** unha ciencia ou unha arte que cumpre variadas funcións:

- Organizar a vida social.
- Regular as relacións entre os individuos dunha comunidade.
- Formular os obxectivos comúns que nesta comunidade se pretenden conseguir.
- Deseñar as institucións necesarias para alcanzar esas metas.

En consecuencia, a política non é un ámbito máis da nosa sociedade, senón que é a esfera reitora na que se toman as decisións que afectan o propio núcleo da sociedade.

Glosario

Política: do grego *politiké* e *pólis* ('cidade'), significa a arte ou a ciencia que se encarga de organizar a vida social, de regular as relacións entre os individuos dunha comunidade, de considerar os obxectivos comúns que nesta comunidade se aspira a conseguir e de deseñar as institucións necesarias que farán posible a súa realización. Para a filosofía política, os principais retos da política foron elaborar unha teoría do Estado (deseñar as institucións máis adecuadas para a vida social xusta) e definir unha arte de gobernar (establecer os hábitos, as prácticas e as accións do bo goberno).

Perspectiva histórica sobre o concepto filosófico de política

Na historia da filosofía entendéronse por política, fundamentalmente, estas dúas cousas:

- A **teoría do Estado**: así a concibe Platón, que describe de forma utópica os elementos e a forma que debe ter un Estado ideal. Tamén pode formularse como teoría acerca da orixe e do fundamento do Estado, ou ben como teoría sobre a xustiza en xeral.
- A **arte de gobernar**, así como a acción política mesma encamiñada á conquista do poder. Neste sentido, xa Aristóteles consideraba que é competencia da política determinar os modos de formación e de mantemento dos gobernos.

No Renacemento, Maquiavelo puxo de relevo o aspecto máis pragmático e amoral —ou inmoral— da política, ao presentala como a **arte de dirixir** con calquera tipo de medios as accións dos individuos na sociedade civil e no Estado. Neste sentido, o termo «política» pode adquirir connotacións pexorativas.

Textualmente

«O político debe residir nas súas propias, últimas, diferenciacións, coas cales pode relacionarse toda acción que sexa política nun sentido específico. Supoñamos que na área do moral as diferenciacións últimas están dadas polo ben e o mal; que no estético están dadas pola beleza e a fealdade; que o estean polo útil e o prexudicial no económico, ou ben, por exemplo, polo rendible e o non-rendible. A cuestión que se suscita a partir de aquí é a de se hai —e se a hai, en que consiste— unha diferenciación especial, autónoma e por iso explícita sen máis e por si mesma, que constitúa un sinxelo criterio do político e que non sexa da mesma especie que as diferenciacións anteriores nin análoga a elas. A diferenciación especificamente política, coa cal se poden relacionar os actos e as motivacións políticas, é a diferenciación entre o amigo e o inimigo. Esta diferenciación ofrece unha definición conceptual, entendida no sentido dun criterio e non como unha definición exhaustiva nin como unha expresión de contidos.»

C. Schmitt, *O concepto do político*.



- 1 Cal é a distinción fundamental que articula o campo do político? Que consecuencias ten para a visión da política aceptar este criterio como o fundamental?
- 2 Estás de acordo con que esta distinción é independente das da moral e a economía? Razona a túa resposta.

O exercicio do poder e o seu risco de corrupción ou os conflitos de intereses entre os grupos dirixentes formulan problemas de difícil solución, como contemplamos na política das democracias contemporáneas. Así xorden cuestións como a desconfianza da cidadanía na política, a falta de neutralidade e de veracidade dos medios de comunicación, as promesas feitas nas campañas electorais que non se cumpren...



A política serve para organizar a vida social e para regular as relacións entre os individuos co fin de alcanzar uns obxectivos comúns por medio dunhas institucións (Parlamento Europeo).

Actividades

- 1 Que se propón na teoría do dereito natural?
- 2  **O espello.** Signala as principais diferenzas entre o iusnaturalismo e o positivismo xurídico.
- 3  **1-2-4.** Credes que a política ten algunha relación coa moral ou que só ha de proporcionar os medios para lograr os fins propostos? Como se comportan realmente na práctica os partidos políticos e os seus dirixentes?

Poder, autoridade e lexitimidade

3.1. Teorías sobre o poder

Adóitase asociar a idea de poder coa forza, coa violencia e co control. Entendemos por **poder** a capacidade de controlar e de dirixir a acción doutra persoa.

Nesa liña, a **política** consiste no conxunto de técnicas e de actividades necesarias para obter o poder e para conservalo.

Non obstante, o poder é un concepto moito máis amplo e foi obxecto de diferentes definicións. Aquí presentamos tres clases de teorías sobre o poder.

Teorías substancialistas

Nelas deféndese que o poder é unha capacidade ou unha **forza física e legal** propia de determinadas institucións (o goberno o exército os tribunais, a policía...).

O poder sería unha substancia ou unha entidade que se ten ao ocupar un cargo en tales institucións sociais. Así, constitúe o medio ou o instrumento fundamental para conseguir os obxectivos políticos dun grupo.

Teorías subxectivistas

Segundo estas teorías, o poder é unha capacidade subxectiva, dependente das **características dun individuo**.

O poder así entendido é a habilidade e a destreza dun suxeito para ganar autoridade, para liderar un grupo e para asumir o mando político.

Teorías relacionais

Segundo os que defenden estas teorías, o poder non é nin unha forza intrínseca a unha posición institucional nin unha capacidade subxectiva, senón unha **relación entre individuos** nun contexto determinado.

O poder consiste, pois, na relación de forzas e nas concesións entre individuos, e fai posible que un deles induza a outros a actuar en contra das súas vontades particulares e baixo o seu control.

Concepto xeral de poder

De modo xeral, podemos considerar que o **poder** sería a capacidade (sexa individual ou institucional) de determinar, de dirixir e de controlar a acción doutro individuo.

Polo tanto, o poder non se encontra só nas institucións de goberno, senón que, como sinalou Foucault, está entretexido na nosa vida cotiá (na escola, na familia...).

O poder non é, pois, meramente imposición pola forza, ou represión, senón que tamén logra a obediencia por sedución e por manipulación psicolóxica ou mediática dos individuos.

Nas relacións de poder, ademais de mediante o emprego da violencia, pódense lograr a suxeición e a adhesión dos individuos manipulando as súas necesidades e os seus anhelos máis profundos.

Textualmente

«Pero, que é, desde o punto de vista da consideración sociolóxica, unha asociación política? Tampouco é este un concepto que poida ser socioloxicamente definido a partir do contido da súa actividade. Apenas existe unha tarefa que aquí ou alí non fose acometida por unha asociación política e, doutra parte, tampouco hai ningunha tarefa da que pode dicirse que fose sempre competencia exclusiva desas asociacións políticas que hoxe chamamos estados ou das que foron historicamente antecedentes do Estado moderno. O devandito Estado só é definible socioloxicamente por referencia a un medio específico que el, como toda asociación política, posúe: a violencia física. “Todo Estado está fundado na violencia”, dixo Trotsky en Brest-Litovsk. Obxectivamente isto é certo. Se soamente existisen configuracións sociais que ignorasen o medio da violencia, desaparecería o concepto de “Estado” e instauraríase o que, neste sentido específico, chamaríamos “anarquía”. A violencia non é, naturalmente, nin o medio normal nin o único medio de que o Estado se vale, pero si é o seu medio específico. Hoxe, precisamente, é especialmente íntima a relación do Estado coa violencia. No pasado,

as máis diversas asociacións, comezando pola asociación familiar, utilizaron a violencia como un medio enteiramente normal. Hoxe, pola contra, teremos que dicir que Estado é aquela comunidade humana que, dentro dun determinado territorio (o “territorio” é elemento distintivo), reclama (con éxito) para si o monopolio da violencia física lexítima. O específico do noso tempo en que a todas as demais asociacións e individuos só se lles concede o dereito á violencia física na medida en que o Estado o permite. O Estado é a única fonte do “dereito” á violencia. Política significará, pois, para nós, a aspiración a participar no poder ou a influír na distribución do poder entre os distintos estados ou, dentro dun mesmo Estado, entre os distintos grupos de homes que o compoñen.»

M. Weber, *Escritos políticos*, II, «A política como vocación».

- 1 Que interpretación da política expón Weber neste texto?
- 2 En que sentido pensa Weber que un Estado sen violencia desembocaría na anarquía?

Textualmente

«O poder non é unha substancia. Tampouco é un atributo misterioso sobre cuxas orixes houbera que indagar. O poder non é máis que un tipo particular de relacións entre individuos. E estas relacións son específicas: dito doutro modo, non teñen nada que ver co intercambio, a produción e a comunicación, aínda que están relacionadas con elas. O trazo distintivo do poder é que certos homes poden determinar máis ou menos por completo a conduta doutros homes, pero nunca de forma exhaustiva ou coercitiva. Un home encadeado e derrotado está sometido á forza que se exerce sobre el. Non ao poder. Pero se se pode inducilo a falar, cando a súa resolución última puidese ser reter a súa lingua preferindo a morte, entón é que foi empurrado a comportarse dun determinado xeito. A súa liberdade someteuse ao poder. Someteuse ao goberno. Se un individuo pode permanecer libre, aínda que

a súa liberdade estea limitada, o poder pode somete-lo ao goberno. Non hai poder sen rexeitamento ou revolta en potencia».

M. Foucault, «*Omnes et singulatim*»:
cara a unha crítica da razón política.

- 1 Dos tres tipos de teorías do poder que expuxemos, a cal se refire Foucault neste texto? Razona a túa resposta.
- 2 Que característica é propia das relacións de poder? Define este concepto a partir das ideas expostas no texto.
- 3 Que diferenza se sinala no texto entre o poder e a forza? Fíxate na conclusión que extrae Foucault: «Non hai poder sen rexeitamento ou revolta en potencia».

3.2. Forza, persuasión e autoridade

Para definir mellor o poder político, hai que distinguilo doutros conceptos cos que se pode confundir.

Nese sentido, a filósofa Hannah Arendt deslindou o concepto de autoridade ou de poder político dos de forza e de persuasión:

- Arendt distingue a autoridade política da mera forza ou violencia coactiva. A **autoridade** supón unha capacidade de liderado e de mando sobre outras persoas, de modo que estas recoñezan esa capacidade sen necesidade de que se lles aplique ningunha forza nin ningunha violencia para que sigan as indicacións marcadas.
- A autoridade política tampouco pode confundirse coa simple **persuasión**. Esta consiste na habilidade retórica para convencer as outras persoas, neste caso a cidadanía, para ganar o seu favor e para que obedeza as leis establecidas pola autoridade.

A persuasión presupón a igualdade entre os que inician o diálogo e require unha argumentación concreta sobre o caso, requisitos que a autoridade non necesita para que se obedezan os seus ditados.

Polo tanto, a **autoridade** ou o **poder político** distínguense da forza coactiva, pois esta recorre á violencia, e da persuasión, que supón igualdade e argumentación.

Para Arendt, o ideal é que o poder político se converta en autoridade e sexa recoñecido como un poder sen necesidade de recorrer á violencia nin á persuasión, que tamén pode derivar en manipulación.

Así pois, a **autoridade** basearíase nunha capacidade e nun coñecemento que demostraría quen goberna e que lle permitiría lograr o recoñecemento da cidadanía.

O obxectivo de Arendt ao definir deste modo a autoridade (o poder político) é argumentar que non hai que confundila co totalitarismo nin coa ditadura.

Glosario

Poder: pódese definir como a capacidade, tanto individual coma dun grupo ou dunha institución, de determinar, de dirixir e de controlar a acción doutro individuo. O poder pode concibirse como unha forza física e legal (teorías substancialistas), como unha capacidade propia dalgúns individuos (teorías subxectivistas) ou como unha relación intersubxectiva nun contexto social concreto (teorías relacionais). O poder logra impoñerse non só pola forza, senón tamén grazas á sedución e mediante a manipulación.

Glosario

Autoridade: forma de fundamentar o poder político, que adquire a súa lexitimidade pola aceptación por parte tanto da persoa que manda como da que obedece da relación xerárquica que existe entre elas. Diferénciase tanto da coacción mediante o uso da forza coma da persuasión, ata o punto de que a autoridade desaparece cando xorde a violencia e de que non é autoridade se necesita empregar a persuasión para facerse obedecer. Consiste no recoñecemento por parte da cidadanía da capacidade das persoas que gobernan.

3 Poder, autoridade e lexitimidade

Textualmente

«A autoridade sempre demanda obediencia e por este motivo é corrente que se confunda con certa forma de poder ou de violencia. Non obstante, exclúe o uso de medios externos de coacción: úsase a forza cando a autoridade fracasa. Por outra parte, autoridade e persuasión son incompatibles, porque a segunda presupón a igualdade e opera a través dun proceso de argumentación. Cando se utilizan os argumentos, a autoridade permanece en situación latente. Ante a orde igualitaria da persuasión álzase a orde autoritaria, que sempre é xerárquica. Se hai que definila, a autoridade diferénciase tanto da coacción pola forza como da persuasión por argumentos. A relación autoritaria entre o que manda e o que obedece non se apoia nunha razón común nin no poder do primeiro; o que teñen en común é a xerarquía mesma, cuxa pertinencia e lexitimidade recoñecen ambos os dous e na que ambos os dous ocupan un posto predefinido e estable. Este asunto é de importancia histórica; un aspecto do noso concepto de autoridade é de orixe platónica. Cando Platón empezou a considerar a introdución da autoridade no manexo dos asuntos públicos da *pólis* sabía que buscaba unha alternativa á habitual forma grega de tratar os asuntos internos, que era a persuasión [...], así como a forma habitual de tratar os asuntos exteriores eran a forza e a violencia [...].»

H. Arendt, *Entre o pasado e o futuro: oito exercicios sobre a reflexión política*, cap. III.

- 1 Arendt sinala que «a autoridade se diferencia tanto da coacción pola forza como da persuasión por argumentos». Explica a diferenza da autoridade coa forza (coacción) e coa persuasión.
- 2 Que razón que expón Arendt neste texto para explicar a relación de autoridade que se establece entre a persoa que manda e aquela que obedece?

A filosofía en persoa



Hannah Arendt (1906-1975) foi unha filósofa alemá de ascendencia xudía. Estudou con mestres como Husserl e Heidegger. Fuxindo do nazismo, refuxiouse en Estados Unidos, onde ensinou filosofía en diversas universidades. Destaca a súa reflexión política acerca das condicións da democracia e sobre a situación de ser humano moderno.

3.3. Formas de lexitimación do poder político

Os conceptos de legalidade e de lexitimidade son fundamentais para entender a orixe e o funcionamento da política e o exercicio do poder. Podemos definilos do modo seguinte:

- A **legalidade** consiste na adecuación dunha decisión ou dunha acción políticas ao marco legal existente nunha determinada sociedade.

Se unha decisión política, por exemplo, se axusta á lei ou polo menos, non a contradí, considérase legal.

- A **lexitimidade**, non obstante, non ten que ver exactamente coa correspondencia dunha decisión ou dunha acción políticas coa ordenación legal vixente nunha determinada sociedade, senón co recoñecemento social e co fundamento moral da devandita acción ou da devandita decisión.

Polo tanto, a lexitimidade remite á fonte de validez das propias leis que conforman o sistema legal. Por esta razón, as leis ditadas nunha tiranía, en contra da vontade do pobo, son ilexítimas: a clave da lexitimidade das leis é o recoñecemento da autoridade política por parte dos individuos.

Glosario

Lei: tipo de norma que corresponde ao ámbito xurídico e político. Trátase dunha norma escrita e pública, pois ha de ser coñecida polos membros da sociedade na que se aplica. Ademais, é o froito duns procedementos establecidos polo poder lexislativo (discusión parlamentaria, decreto...) que afecta a toda a cidadanía do Estado, de modo que o seu descoñecemento non exime do seu cumprimento, reforzado polo poder executivo. As leis constitúen a armazón do Estado e o seu incumprimento é obxecto de sanción.

Glosario

Lexitimidade: consiste na fundamentación moral e social dunha acción, dunha decisión ou dunha institución políticas. Noutras palabras, é o recoñecemento e o apoio social, moral e ético da política, en xeral. Por outra parte, a legalidade é a mera adecuación dunha acción ou dunha decisión políticas ao marco legal vixente, mentres que a lexitimación remite ás fontes de validez desas mesmas leis que configuran o sistema legal dun Estado. A lexitimidade pódese entender como un atributo variable ou un proceso sometido ás dinámicas sociais e políticas.

O proceso de lexitimación do poder político, polo que este é aceptado e recoñecido como autoridade, pode ser, segundo Max Weber, de tres tipos. Vexámolos.

Dominación carismática

Este tipo de lexitimación fundaméntase no **carácter peculiar do individuo** que alcanza e que ostenta o poder.

O carisma de calquera líder é un atributo extraordinario mediante o que seduce a xente, que se converte na súa seguidora. Pode radicar no carácter do suxeito ou tamén no cargo que ocupa.

Como exemplos de dirixentes carismáticos cabe sinalar guías relixiosos, como o papa, ou líderes revolucionarios.

Dominación tradicional

Esta forma de lexitimación consiste no recoñecemento da autoridade baseado na historia, na **tradicción** e nas institucións sociais que a sustentan.

A fonte deste recoñecemento é o mantemento da estrutura e da orde sociais. A xerarquía non depende dos individuos que ocupan os cargos.

Un exemplo desta segunda forma de lexitimación é a monarquía hereditaria.


Dominación legal-racional

Neste caso, o recoñecemento público do poder lógrase mediante un **sistema legal** baseado en procedementos de elección e de decisión colectiva deseñados racionalmente. Por medio destes procedementos elíxense gobernantes e representantes da cidadanía.

As claves desta forma de lexitimación son a obxectividade e a racionalidade do sistema legal no que se apoia.

O exemplo paradigmático da dominación legal-racional constitúeno as democracias representativas.

A filosofía en persoa



Max Weber (1864-1920) foi un filósofo e sociólogo alemán que, fronte ao marxismo, destacou a influencia de factores non económicos como, por exemplo, a relixión, no devir histórico. Unha das súas achegas máis importantes no ámbito da filosofía política foi a concepción do Estado como a entidade que ostenta o monopolio da violencia.

Textualmente



«En principio [...] existen tres tipos de xustificacións internas de fundamentos da lexitimidade dunha dominación. En primeiro lugar, a lexitimidade do "eterno onte", do costume consagrado pola súa inmemorial validez e pola consuetudinaria tendencia dos homes cara ao seu respecto. É a lexitimidade "tradicional", como a que exercían os patriarcas e os príncipes patrimoniais de antano. En segundo termo, existe a autoridade da graza (carisma) persoal e extraordinaria, a entrega puramente persoal e a confianza, igualmente persoal, na capacidade para as revelacións, o heroísmo ou outras calidades de caudillo que un individuo posúe. É esta autoridade "carismática" a que ostentaron os profetas ou, no terreo político, os xefes guerreiros elixidos, os gobernantes plebiscitarios, os grandes demagogos ou os xefes dos partidos políticos. Temos, por último, a lexitimidade baseada na "legalidade", na crenza na validez de preceptos legais e na "competencia" obxectiva fundada sobre normas racionalmente creadas; é dicir, na orientación cara á obediencia, ás obrigas legalmente establecidas; unha dominación como a que exercen o moderno "servidor do Estado" e todos aqueles titulares do poder que se asemellan a el.

É evidente que, na realidade, a obediencia dos súbditos está condicionada por moi poderosos motivos de temor e esperanza [...] e, xunto con eles, tamén polos máis diversos intereses. [...] Pero cando se cuestionan os motivos de lexitimidade da obediencia encontrámonos sempre cun destes tres tipos puros».

M. Weber, *Escritos políticos*, II, «A política como vocación».

- 1 Explica as fontes de lexitimidade do poder e pon exemplos sobre elas.
- 2 Un goberno lexítimo é necesariamente un goberno xusto? Razo a túa resposta.

Actividades

- 1 Explica as diferentes formas de concibir o poder nas teorías substancialistas, subxectivistas e relacionais.
- 2 Por que rexeita Hannah Arendt que o poder político se basee na persuasión? Xustifica a túa resposta.
- 3  **Mesa redonda.** Na actualidade, onde parece residir o poder acerca das decisións que afectan as sociedades occidentais?
- 4  Busca exemplos contemporáneos de cada tipo de dominación que distingue Max Weber e xustifica a túa elección.

O Estado e a orde democrática

4.1. Definición de Estado

Unha das principais tarefas da filosofía política é a reflexión acerca do Estado.

Definir que é esta institución social e cal foi a súa orixe e o seu devir histórico son cuestións que necesitan resposta para que entendamos mellor o noso presente e para que poidamos realizar unha crítica da nosa sociedade, función necesaria que se trata de levar a cabo mediante a filosofía.

Se, segundo Hegel, a filosofía consiste en pensar o seu propio tempo, é evidente que se debe reflexionar sobre o sentido dunha institución con tanta relevancia política como o Estado.

En primeiro lugar, habería que definir o Estado como tal. A xeito de introdución, podemos dicir que o **Estado** é o conxunto de institucións políticas mediante as que se organiza unha sociedade e regúlase o seu funcionamento e o seu ordenamento. Un Estado defínese por tres piares básicos:

- O **territorio**: o Estado ocupa un espazo físico delimitado por unhas fronteiras.
- A **poboación**: ademais do elemento espacial, un Estado ten un referente demográfico, unha poboación, sobre a que exerce o seu poder e regula a súa convivencia. Dependendo do tipo de Estado, esta poboación definirase como un conxunto de cidadás e cidadáns ou de súbditos.
- A **soberanía**: por último, o Estado ostenta o poder soberano, a capacidade de promulgar leis, de gobernar e de administrar a sociedade. A soberanía é este poder político fundamental, que, segundo o tipo de Estado, pode derivar da divindade (teocracia), dun individuo (autocracia) ou do pobo (democracia).

Textualmente

«—Pois ben —dixen—, segundo estimo, o Estado nace cando cada un de nós non se autoabastece, senón que necesita de moitas cousas. Ou pensas que é outra a orixe da fundación do Estado?»

—Non.

—En tal caso, cando un home se asocia con outro por unha necesidade, con outro por outra necesidade, habendo necesidade de moitas cousas, chegan a congregarse nunha soa morada moitos homes para asociarse e auxiliarse. Non daremos a este aloxamento común o nome de “Estado”?

—Claro que si.

Platón, *República*, II, 369b.

- 1 Segundo Platón, o Estado ten a súa orixe nas nosas necesidades. Explica o significado desta afirmación e mostra que problemas pode carrexar a devandita concepción.

4.2. A orixe do Estado

Sobre a orixe e o desenvolvemento dos Estados existen, polo menos, dúas teorías:


- Na primeira delas concíbese o Estado como unha institución recente na historia da humanidade.
- Na segunda convértese esta institución nunha manifestación consubstancial da sociedade humana.

O Estado, unha institución moderna

Segundo esta proposta, o Estado **aparece no tránsito da sociedade medieval á sociedade moderna europea** arredor dos séculos xv e xvi. Maquiavelo foi quen deu a esta institución o nome de Estado.

A centralización do poder na monarquía, enfrontada á nobreza feudal; a formación dun exército permanente ao seu servizo; a consolidación das fronteiras nacionais; a xeración dunha conciencia nacional; a articulación física do territorio, grazas a redes viarias, e a administración de impostos mediante unha ordenación xurídica e fiscal son algúns aspectos que determinan a xénese do Estado.

A filosofía en persoa



Nicolás Maquiavelo (1469-1527) foi un filósofo e político italiano que reflexionou sobre os mecanismos para adquirir e para conservar o poder. Defende o valor xustificador da «razón de Estado». O seu realismo político baséase na observación e na reflexión sobre a experiencia política pasada e presente, e nunha concepción pesimista do ser humano.

Glosario

Estado: conxunto de institucións políticas mediante as que se organiza unha sociedade e se regulan o seu funcionamento e o seu ordenamento. Os seus elementos básicos son, á parte das institucións concretas, un territorio sobre o que exerce o poder político, a poboación e a soberanía. Ademais, hai que ter en conta que o Estado é unha institución bastante estendida nas sociedades humanas, aínda que en Europa desenvólvese propiamente durante o tránsito da época medieval á época moderna. Algunhas das súas formas máis destacadas son o Estado absoluto, o feudal, o estamental e o representativo.

Estado, o garante da sociedade

De acordo con esta perspectiva, o Estado sería un **conxunto de institucións consubstancial a toda forma de sociedade humana**. Non habería sociedade humana sen ordenación política e, polo tanto, sen Estado.

Nunha concreción desta teoría sostense que o Estado xorde en contextos cunha gran produción económica baseada na agricultura: os grandes estados imperiais do pasado terían a súa orixe en zonas fluviais moi produtivas (Oriente Próximo, India, China, Exipto...). A súa función sería organizar política e economicamente unha sociedade próspera (con grandes excedentes produtivos).

Textualmente

«O Estado é, ao meu parecer, unha sociedade de homes constituída soamente para procurar, preservar e facer avanzar os seus propios intereses de índole civil. Estimo, ademais, que os intereses civís son a vida, a liberdade, a saúde, o descanso do corpo e a posesión de cousas externas, tales como diñeiro, terras, casas, mobles e outras semellantes. O deber do maxistrado civil consiste en asegurar, mediante a execución imparcial de leis xustas, a todo o pobo, en xeral, e a cada un dos seus súbditos, en particular, a xusta posesión destas cousas correspondentes á súa vida. Se algún pretende violar as leis da equidade e a xustiza públicas que foron establecidas para a preservación destas cousas, a súa pretensión verase obstaculizada polo medo ao castigo, que consiste na privación ou diminución deses intereses civís ou obxectos que, normalmente, tería a posibilidade e o dereito de gozar. Pero como ningún home soporta voluntariamente ser castigado coa privación dalgunha parte dos seus bens e, moito menos, da súa liberdade ou da súa vida, o maxistrado encóntrase, polo tanto, armado de forza e do apoio de todos os seus súbditos co fin de castigar a aqueles que violan os dereitos dos demais. Agora ben, toda a xurisdición do maxistrado esténdese unicamente a estes intereses civís, e todo poder, dereito e dominio civil está limitado e restrinxido ao só coidado de promover estas cousas e non pode nin debe, en xeito ningún, estenderse ata a salvación da alma».

J. Locke, *Carta sobre a tolerancia*.

- 1 Segundo explica Locke neste texto, cal é a función do Estado e de que medios se serve para levala a cabo?
- 2 Comenta o enunciado: «toda a xurisdición do maxistrado esténdese unicamente a estes intereses civís, e todo poder, dereito e dominio civil está limitado e restrinxido ao só coidado de promover estas cousas e non pode nin debe, en xeito ningún, estenderse ata a salvación da alma».

Problemas das teorías sobre a orixe do Estado

Pero estas dúas teorías teñen algúns puntos débiles:

- No primeiro punto de vista parece que se indica que a aparición do Estado é froito dun progreso **social, xurídico e económico (proceso de racionalización)**. O Estado como tal sería un invento acontecido na Europa moderna que se trasladaría a outros lugares do mundo.

Esta interpretación supón eludir datos que nos ofrecen a historia e as ciencias sociais sobre organizacións políticas semellantes noutras sociedades.

- No segundo punto de vista propónse un **concepto demasiado amplo de Estado** que o converte no complemento de toda sociedade humana; non obstante, os estudos sobre sociedades non occidentais demostraron que hai organizacións políticas (xefaturas) que non se corresponden co concepto de Estado.

Por exemplo, en moitos grupos indíxenas americanos, a xefatura non se exerce como un poder soberano sobre os individuos que compoñen o grupo, senón que actúa como voceiro de sentir xeneral, e tampouco ten unha xurisdición territorial (son nómades).

Nestas sociedades, se se quixese converter esa autoridade moral (de diplomacia con outros grupos, na caza e para a guerra) nun poder total (soberano) sobre o grupo, podería supoñer a perda do poder e o abandono.

Textualmente

«Pois mediante a Arte créase ese gran Leviatán que se chama unha república ou Estado [...], e que non é senón un home artificial, aínda que de estatura e forza superiores ás do natural, para cuxa protección e defensa foi pensada. Alí a soberanía é unha alma artificial que dá forza e movemento ao corpo enteiro; os maxistrados e outros funcionarios de xudicatura e execución son as articulacións; a recompensa e o castigo fan as funcións dos nervios no corpo natural, anoando ao trono da soberanía cada articulación e cada membro, de tal maneira que todos sexan movidos a realizar a súa tarefa; a opulencia e as riquezas de todos os membros particulares son a forza; [a seguridade do pobo], os seus negocios; os conselleiros, grazas aos cales lle son suxeridas todas cantas cousas precisa saber son a memoria; a equidade e as leis son unha razón e unha vontade artificial; a concordia, saúde; a sedición, enfermidade, e a guerra civil, morte.»

T. Hobbes, *Leviatán*, Introducción.

- 1 Como caracteriza Hobbes o Estado?
- 2 Comenta o enunciado: «a soberanía é unha alma artificial que dá forza e movemento ao corpo enteiro».

④ O Estado e a orde democrática

4.3. O Estado democrático

Os modelos de democracia

Podemos definir a **democracia** como unha forma de goberno do Estado na que a soberanía reside no pobo e na que existe un sistema de dereitos e de liberdades civís e políticas que están garantidas por diversos mecanismos de representación e de participación. Non obstante, cabería ter en conta que a democracia é un concepto político moi amplo e que necesita certas puntualizacións.

En primeiro lugar, temos que distinguir dúas formas moi diferentes de organizar un sistema político democrático:

- A **democracia directa**: a cidadanía participa sen a mediación de representantes na toma de decisións e na xestión dos asuntos políticos.
- A **democracia representativa (indirecta)**: en sociedades moi poboadas, con gran número de habitantes, délégase a soberanía da cidadanía nun conxunto de representantes, cuxo cargo está limitado temporalmente.

Ademais, a democracia enténdese de modos moi diferentes segundo o propósito ao que se oriente o sistema democrático. Segundo C. B. Macpherson, poderían distinguirse polo menos catro modelos de democracia segundo os seus obxectivos:

- A democracia como **protección dos dereitos individuais**: propiedade, seguridade e liberdade.
- A democracia como **desenvolvemento social**: eliminación das fortes diferenzas económicas e sociais, cuxo obxectivo é a mellora da humanidade.
- A democracia como **sistema de equilibrio legal**: mecanismo de estabilidade e de control social regulado pola lexitimidade popular.
- A democracia como **participación**: implicación da cidadanía nas decisións políticas e apertura do goberno á opinión pública.

A democracia, un sistema universalmente válido?

Na actualidade, é un problema de política internacional saber se a democracia é o mellor sistema de goberno estatal e, neste caso, se se pode implantar en todas as sociedades.

Pódese argumentar en favor da democracia que é un sistema comprometido co respecto aos **dereitos humanos** e ás **liberdades básicas individuais** que o Estado ten que salvagardar.

A democracia, entendida como o dereito a participar na vida política da sociedade, aparece reforzada na Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948 (art.º 21). Non obstante, en ocasións, a cidadanía pode preferir un sistema político non-democrático ou menos democrático que outro, pero que lle garanta protección e seguridade para as súas vidas e para as súas propiedades. Nesta situación enténdese a dificultade de lexitimación de certos réximes democráticos que non logran garantir a seguridade da cidadanía.

Tamén se sostivo que a democracia é un sistema occidental que non se pode exportar a terceiros países. Agora ben, en moitas culturas existe a idea dunha discusión pública dos asuntos políticos e unha reivindicación duns dereitos mínimos; polo tanto, a democracia podería xurdir das diversas culturas autóctonas, sen necesidade de que se percibise como un elemento occidental alleo a elas.

Problemas actuais da democracia

Ademais das cuestións relativas á extensión da democracia, este sistema político enfróntase a outras dificultades:

- Quen é o *demos* (pobo) da democracia? Quen compón a cidadanía con dereitos civís e políticos?

A inclusión na cidadanía da poboación con menos recursos económicos (sufraxio non censatario) ou das mulleres (sufraxio universal) é o resultado de loitas e de reivindicacións políticas aínda actuais en moitos lugares.

Textualmente

«Hoxe, o concepto mesmo de democracia é inescindible dos dereitos humanos. Elimínase unha concepción individualista da sociedade. Non logradedes xustificar a democracia como forma de goberno. Que mellor definición da democracia que aquela segundo a cal nesta os individuos, todos os individuos, teñen unha parte da soberanía? E como se puido axustar de forma irreversible este concepto senón invertendo a relación entre poder e liberdade e antepoñendo a liberdade ao poder? Ocorrúeseme a miúdo dicir que sería máis correcto falar, cando nos refiramos a unha democracia, de soberanía dos cidadáns máis que de soberanía popular. “Pobo” é un concepto ambiguo, que utilizan tamén

todas as ditaduras modernas. É unha abstracción ás veces falsa: non está claro a cantos individuos dos que viven nun territorio abrangue o termo “pobo”. As decisións colectivas non as toma o pobo, senón os individuos, moitos ou poucos, que o compoñen».

N. Bobbio, *O tempo dos dereitos*.

- 1 Como define Bobbio a democracia? A que visión da sociedade está vinculada?
- 2 Por que critica a definición da democracia como soberanía popular? Estás de acordo coa conclusión do autor? Razo a túa resposta.

- Como funcionan os partidos políticos?

A democracia corre o perigo de converterse nunha partitocracia se os partidos políticos funcionan como elites pechadas á participación das súas bases e dos seus simpatizantes.

- Cal é a relación da cidadanía coas esferas políticas?

A cidadanía demanda cada vez maior participación e maior receptividade por parte dos seus representantes ante as iniciativas, as propostas e as reivindicacións que expresa a sociedade civil.

- Que papel desempeñan os medios de comunicación e as novas tecnoloxías na política democrática?

A influencia dos medios de comunicación como difusores de información e como creadores de opinión pode dexeñar en desinformación.

Formas democráticas e non democráticas do Estado

A democracia pode adquirir distintas formas:

- A **república**: democracia baseada na soberanía popular con división de poderes e con liberdades básicas. A presidencia é un cargo electo que representa a xefatura do Estado e o primeiro ministro ou a primeira ministra exercita o poder executivo.

Textualmente

«Dos gobernos unipersoais, adoitamos chamar monarquía á que mira polo interese común; ao goberno duns poucos, pero máis de un, aristocracia, sexa porque gobernan os mellores ou porque se propón o mellor para a cidade e para os que lle pertencen; e cando é a masa a que goberna en vista do interese común, o réxime recibe o nome común a todas as formas de goberno: república; e con razón, pois un individuo ou uns poucos poden distinguirse pola súa excelencia, pero un número maior é difícil que sobresaia en todas as calidades; en cambio, pode posuír extremadamente a virtude guerreira, porque esta dáse na masa. Por iso, nesta clase de réxime, o poder supremo reside no elemento defensor e participan del os que posúen as armas.

As desviacións dos réximes mencionados son: a tiranía da monarquía, a oligarquía da aristocracia, a democracia da república. A tiranía é, efectivamente, unha monarquía orientada cara ao interese do monarca, a oligarquía busca o dos ricos, e a democracia, o interese dos pobres; pero ningunha delas busca o proveito da comunidade».

Aristóteles, *Política*, III, cap. 7, 1279a-b.

- 1 Como define Aristóteles as formas de goberno?
- 2 Que forma de goberno prefere o autor e por que?


- A **monarquía constitucional**: está inspirada na monarquía tradicional, aínda que baleira o poder da figura do monarca (que reina, pero non goberna), a quen lle outorga un poder simbólico e representativo, que é hereditario. O poder executivo está en mans da presidencia do Goberno.

Como formas non democráticas, pódese distinguir entre:

- A **monarquía absoluta**: é a forma tradicional da monarquía na que un individuo concentra todos os poderes. O cargo pode ser hereditario. A cidadanía está sometida á «lei-vontade» do seu monarca. A autoridade procede da tradición histórica, da relixión...
- A **autocracia**: refírese habitualmente a ditaduras ou a tiranías unipersoais (as monarquías absolutas serían formas hereditarias de autocracia). Supón o poder dun só individuo: non se recoñece outra fonte de autoridade que a persoa que controla o poder.
- O **totalitarismo**: este termo refírese, en principio, a calquera forma de goberno ou a calquera sistema político no que o Estado regula por completo a vida individual. O seu sentido pódese resumir na seguinte afirmación de Mussolini, ditador italiano: «Todo no Estado, todo para o Estado, nada fóra do Estado, nada contra o Estado».

Hannah Arendt presentou o totalitarismo como unha dominación total do ser humano, pois non se recoñece nin a libre espontaneidade nin a pluralidade dos individuos, ata chegar á súa deshumanización.

Actividades

- 1  **Esquema**. Resume a definición de Estado e as dúas teorías sobre a súa orixe.
- 2 De que dúas formas se pode organizar unha democracia? Credes que as actuais tecnoloxías da información e da comunicación permitirían implantar unha democracia directa nas sociedades desenvolvidas? Argumentade a vosa opinión.
- 3 Pensades que a democracia é unha forma de goberno universalmente válida ou unha creación das sociedades occidentais? Argumentade a vosa opinión e propoñede algún exemplo que a apoie.
- 4 Que problema representa para a democracia a información falsa? Pode decidir quen goberna?
- 5 A falta de participación política da cidadanía é outro problema das democracias actuais. Perde lexitimidade esta forma de goberno sen a participación cidadá? O exercicio do voto cada catro anos é unha forma de participación suficiente?